
NA XUBILACIÓN DO GRANDE AMIGO

Francisco Fernández del Riego

Presidente da Real Academia Galega

É forte e vella a nosa amizade. Coñecémonos de primeiras nos xa lonxanos anos 50, a medio de relación epistolar. Encetabamos en Vigo as actividades da Editorial Galaxia que se encarreiraban a tirar do esquezo a presenza viva da cultura galega. Eran tempos de persecución do noso idioma e do labor que realizaran as figuras que o cultivaran nas súas creacións.

Basilio Losada coñeceu de contado as publicacións iniciais. En cartas expresivas, cheas de entusiasmo polo novo renacer, sumouse ós propósitos que os galeguistas novos e vellos tentaban pór en marcha. Converteuse así un asiduo colaborador, desde Barcelona, das tarefas que aquí se estaban a desenvolver. Animou arreo ós promotores das ideas que se propuñan prestixiar e universalizar a obra creadora na lingua propia. As súas axudas como escritor ben dotado, contribuíron en boa medida, a que esforzo editorial acadase espexemento.

Despois produciuse o trato persoal, profundamente amigable. Fun convidado daquela a dicir unha conferencia sobre a poética de Eduardo Pondal no Centro Galego da capital catalana. Foi moi importante a súa intervención no feito. Estreitáronse máis as nosas relacións. Posteriormente fixemos varias viaxes ó seu lugar de residencia, para participar en actividades culturais. Batemos sempre coa acollida xenerosa, cordial, do grande amigo. Percorremos xuntos terras tarraconenses, baixo a súa insuperable guía, visitando monumentos e paisaxes.

Tamén disfrutamos ámbolos dous de demoradas paseatas por vilas e cidades galegas que Basilio Losada tan ben coñecía. Asistimos a moitos actos culturais nos que exerceu como protagonista. E sempre os vencellos que nos unían nos ideais galeguizadores ou nos da fidelidade a un labor común.

Basilio Losada non deixou nunca de ser cualificado persoeiro de Galicia en Cataluña: como douto conferenciante brillante escritor, excelente profesor universitario. Ó se producir neste ano 2000 a súa xubilación como catedrático de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universitat de Barcelona, compartimos a mágoa que os discípulos teñen que sentir ó non poder seguir as súas maxistrais leccións na disciplina que tanto ama.